

BASES DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN 2019
“HOMENAXE Á MULLER INVESTIGADORA”
DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

	Páxina
1. OBXECTIVO.....	3
2. DINÁMICA DA PARTICIPACIÓN.....	3
3. PARTICIPANTES.....	3
4. DATA E LUGAR DE PARTICIPACIÓN.....	4
5. NORMAS XERAIS DE PARTICIPACIÓN.....	4
6. ACCIÓNS A REALIZAR.....	4
7. AS INVESTIGACIÓNS.....	6
8. PREMIOS.....	8

Data: 20/02/2019

“A fenda de xénero nos sectores da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas persiste desde hai anos en todo o mundo. A pesares de que a participación das mulleres nas carreiras de grao superior ten aumentado enormemente, aínda están insuficientemente representadas nestes campos. A ciencia e a igualdade de xénero son vitais para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable incluídos na Axenda 2030. Nos últimos 15 anos, a comunidade internacional ten feito un grande esforzo inspirando e promovendo a participación das mulleres e as nenas na ciencia. Desafortunadamente, elas seguen enfrontándose a barreiras que lles impiden participar plenamente nesta disciplina” (Nacións Unidas)

Co gallo de facilitar e visibilizar o pleno acceso e a participación na ciencia das mulleres e nenas dun xeito equitativo, contribuíndo deste xeito á igualdade de xénero, o Concello de Pontevedra, inclúe unha nova iniciativa en **Pontenciencia 2019: VI FEIRA da Miniciencia**, dirixida as e aos estudantes de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional do Concello de Pontevedra, os **Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora"**.

Ademais de promover a participación das mozas e mozos, se quere visibilizar o traballo de investigación e desenvolvemento que se fai nas empresas. Por iso, convidanse a participar as empresas que dentro das súas competencias desenvolven procesos de I+D+i.

Pontenciencia 2019 é un proxecto “financiado pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Economía, Industria e Competitividade” e polo Concello de Pontevedra. A principal entidade colaboradora é a Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra.

1. OBXECTIVO

O obxectivo destas bases é regular o procedemento de participación nos **Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora"** que promove o Concello de Pontevedra.

2. DINÁMICA DA PARTICIPACIÓN

A participación implica:

- Realizar unha **inscrición**
- Realizar unha **investigación de temática libre** seguindo a metodoloxía do método científico, documental e/ou dun proxecto tecnolóxico (prototipo, "maker", invento...) ¹
- Remitir un **resumo escrito** da investigación realizada
- Realizar unha **presentación oral** da investigación realizada
- Recibir un **diploma** de participación
- Optar aos **Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora"**

Nos seguintes puntos destas bases definiranse con detalle estas cuestións.

3. PARTICIPANTES

Poden participar nestes premios, as/os alumnas/os de

- Educación secundaria obrigatoria
- Bacharelato
- Formación profesional

dos centros educativos públicos ou concertados do Concello de Pontevedra. As opcións de inscrición son as seguintes e ditas inscricións son compatibles entre si:

- Inscrición por medio do centro educativo: sen límite de inscricións
- Inscrición independente do centro educativo: os menores deberán ter a autorización e estar baixo a responsabilidade dun familiar ou titor/a
- Inscrición individual: máximo dúas investigacións
- Inscrición grupal: máximo de tres participantes e máximo dúas investigacións

A participación é gratuíta e a temática das investigacións é libre.

¹ En diante, proxecto tecnolóxico englobará calquera tipo de prototipo, "maker", invento, creación tecnolóxica etc. que sexa o resultado dunha investigación tecnolóxica.

4. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN

A **presentación oral das investigacións** para optar aos **Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora"** realizarase durante a celebración de Pontenciencia:

VI FEIRA da Miniciencia e será o **venres 31 de maio de xuño** de 2019 en horario de tarde.

A **recollida de diplomas de participación e premios** será o **sábado 1 de xuño** do 2019 en horario de mañá.

Lugar: **Escola de Enxeñería Forestal da Universidade de Vigo - Campus de Pontevedra.**

Para máis información visite a web <http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/> e a páxina do Facebook: Pontenciencia.

5. NORMAS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

-O material empregado na exposición dos traballos deberá ser instalado e retirado polos/as participantes unha vez rematada a feira. A organización non se fará responsable da custodia do material instalado nin durante nin tras a finalización da feira, máis aló das medidas de control e seguridade existentes no recinto.

-A responsabilidade sobre a participación dos/das menores como visitantes, relatores/as na feira ou participantes nas distintas actividades que se realicen no marco da actividade, correspóndelle ao centro de ensino ou ás/aos familiares acompañantes.

-A organización non se fará responsable da mobilidade dos/das menores pola feira. A organización, realizará a coordinación e xestión de recursos e actividades e facilitará o cumprimento do programa previsto.

-As/os protagonistas das investigacións son os participantes inscritos, polo tanto, os traballos de investigación e as exposicións que se realicen deben facelas elas e eles, sendo orientados e guiados polos/as docentes e familiares dacordo coas súas necesidades.

-As consultas ou dúbidas relativas á participación no proxecto poden dirixirse ao seguinte enderezo educacion@pontevedra.eu, ou ben no teléfono 986 860 697.

6. ACCIÓNS A REALIZAR

6.1 Calendario

A continuación aparece un cadro coas accións que se deberán realizar para poder participar. Estas accións explícanse detalladamente, nos puntos seguintes destas bases de participación.

PREVIO	DATAS 2018	LUGAR FÍSICO/VIRTUAL	DOCUMENTO
<i>Inscripción previa</i>	Xaneiro- Febreiro	educacion@pontevedra.eu	Ficha de inscrición previa
<i>Realización da investigación</i>	16 xaneiro – 3 maio	Nos centros educativos ou no lugar que elixa o participante	-

Inscrición definitiva	23 abril - 3 maio	educacion@pontevedra.eu	Ficha de inscrición definitiva
Entrega do resumo/s do/s investigación/s	2 - 20 maio	educacion@pontevedra.eu	Ficha resumo da investigación

DURANTE A CELEBRACIÓN DA FEIRA	DATAS 2019	LUGAR FÍSICO/VIRTUAL	DOCUMENTO
<i>Colocación da investigación no posto</i>	Xoves 30 maio - venres 31 maio	No posto asignado pola organización. Escola Universitaria de Forestais. Campus de Pontevedra	-
<i>Presentación oral da investigación ante o xurado</i>	Venres 31/ sábado 1 xuño	No posto asignado pola organización. Escola Universitaria de Forestais. Campus de Pontevedra	Programa http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/
<i>Entrega de diplomas de participación</i>	Sábado 1 xuño	Escola Universitaria de Forestais. Campus de Pontevedra	Programa http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/
<i>Entrega de premios</i>	Sábado 1 xuño	Escola Universitaria de Forestais. Campus de Pontevedra	Programa http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/

6.2 Inscrición previa

A inscrición previa para participar nos **Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora"** farase remitindo a ficha de inscrición ao seguinte enderezo educacion@pontevedra.eu.

A ficha de inscrición previa estará á disposición das persoas interesadas na páxina web do proxecto <http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/>. Tamén poderá solicitarse no enderezo educacion@pontevedra.eu.

6.3 Inscrición definitiva

A inscrición definitiva para participar nos **Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora"**, farase remitindo a ficha de inscrición definitiva ao seguinte enderezo: educacion@pontevedra.eu.

A ficha de inscrición definitiva estará á disposición das persoas interesadas na páxina web do proxecto <http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/>. Tamén poderá solicitarse no enderezo educacion@pontevedra.eu.

6.4 Entrega de diplomas e premios

Durante a clausura de Pontenciencia, entregaranse os diplomas e premios pola participación nos Premios de investigación 2019 "Homenaxe á muller investigadora".

7. AS INVESTIGACIÓNS

7.1 Tipoloxía dos proxectos

Todos os traballos de investigación presentados a estes premios deberán ser realizados polos alumnos/as que se inscriban nos premios.

7.1.1 Proxectos de investigación científica

As investigacións poderán ser experimentais ou documentais de temática libre:

Investigacións experimentais (E)

-Investigacións que implican un deseño que permita medir a influencia dunha variable nun fenómeno, é dicir, unha relación causa-efecto.

-Investigacións que buscan a interpretación dun fenómeno no seu contorno natural.

-Investigacións cuxa intención sexa documentar relacións e resultados ou identificar e documentar factores clave que poidan afectar os resultados dunha actividade. As enquisas son as ferramentas máis útiles para compilar un bo número de datos que posteriormente serán analizados.

Investigacións documentais (D)

-Investigación histórica xeral, un/unha personaxe, unha situación histórica relevante... Esta tipoloxía pode incluír unha investigación sobre calquera área do coñecemento.

A investigacións dos proxectos Experimentais (E) e Documentais (D) deberán ter en conta a inclusión dos seguintes campos:

-Título da investigación (E,D)

-Preguntas formuladas ou problema (E) // Fundamentos teóricos (D)

-Hipótese (E)

-Obxectivo (E,D)

-Materiais (E)// Fontes documentais consultadas (D) e breve descrición da investigación (E,D)

-Resultado: incluíndo datos concretos; se os resultados son de natureza cuantitativa, destacar os datos máis sobresaíntes (E,D)

-Análise: os resultados mostraron que a miña hipótese foi (E) (apoiada ou descartada)

-Conclusión: as conclusións máis importantes ou as preguntas que se suscitan a partir das investigacións (E,D)

-Bibliografía (E,D)

7.1.2 Proxectos de investigación tecnolóxica

Proxectos tecnolóxicos (T)

Dentro desta categoría poden ser considerados proxectos tecnolóxicos: os prototipos (aquele invento de base tecnolóxica xa sexa físico ou de software que sexa a solución a un problema ou carencia existente), os maker (aquele invento de base tecnolóxica xa sexa físico ou de software que represente a solución a un problema ou carencia existente e que basease na cultura de “Do It Yourself”² ademais de aplicar principios de software libre na súa creación e desenvolvemento) e outros.

As tipoloxías de proxectos tecnolóxicos poden ser:

- Deseño e creación dun proxecto tecnolóxico que resolva un problema existente e/ou que xere innovación.
- Deseño e creación dun proxecto tecnolóxico que permita medir parámetros ou variables.
- Deseño e creación dun proxecto tecnolóxico que atinxa certo grado de autonomía (invento teledirixido, sensores ou programación que provoquen o seu funcionamento).
- Elaboración de un produto a partir de procesos tecnolóxicos.
- Demostración de procesos tecnolóxicos a partir de proxecto tecnolóxico.

A investigacións dos proxectos Tecnolóxicos (T) deberán ter en conta a inclusión dos seguintes campos:

- Título do proxecto
- Formulación dun problema (necesidade) // Fundamentos teóricos
- Obxectivo (resolución dunha necesidade)
- Planificación y deseño do proxecto tecnolóxico
- Materiais // Fontes documentais consultadas // Breve descrición do proceso
- Construción ou elaboración do proxecto tecnolóxico
- Resultado e análises: comprobación e validación do proxecto tecnolóxico
- Conclusión: os resultados do proxecto tecnolóxico resolven ou non unha necesidade, preguntas que se suscitan a partir do proceso tecnolóxico xerado.
- Bibliografía

7.2 Ficha resumo da investigación

Unha vez rematadas as investigacións, deberase remitir unha ficha resumo (máximo 10 carillas) en formato dixital ao seguinte enderezo: educacion@pontevedra.eu

² “Faino Ti Mesmo”.

Existe un modelo de ficha para cada tipoloxía de investigación: experimental (E), documental (D) ou tecnolóxica (T). A ficha do resumo estará á disposición dos interesados na páxina web do proxecto <http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/>. Tamén poderá solicitala no enderezo educacion@pontevedra.eu

Esta ficha servirá de valoración do experimento durante a fase concurso

7.3 Presentación da investigación na Feira

A presentación dos traballos de investigación ou creacións tecnolóxicas na feira realizarase mediante:

-Presentación oral

A presentación oral realizarana os/as alumnos/as indicados na ficha resumo. O tempo de exposición da investigación será de 15 minutos máximo, que empregarán entre todos os relatores.

O/s menor/es deberán estar acompañados por un adulto responsable como titor/a ou familiar.

O/s participante/s deberá/n colocar o material expositivo segundo as opcións de exposición dispoñibles. No caso de ter algunha necesidade específica deberano indicar no apartado corresponde do resumo.

-Exposición física

Poderán presentarse unha ou varias das seguintes opcións: póster resumo da investigación, maqueta, prototipo ou material ilustrativo no formato que mellor se adecúe á presentación da investigación, presentación dixital, banda deseñada etc. A orixinalidade será valorada, aínda que ten que recoller os aspectos máis salientables da investigación, pode servir como guía de contido o presentado na ficha resumo. Independentemente do formato de presentación empregado, debe estar claramente identificado o título da investigación.

Para os proxectos tecnolóxicos deberanse presentar fisicamente os prototipos, makers, inventos etc. No caso de haberse producido algunha avaria proxecto tecnolóxico, aportaranse fotografías da creación antes de que se avariasse.

-Resumo no posto

Para facilitar a divulgación da investigación e para a consulta dos visitantes, os participantes deben expoñer a ficha resumo da experiencia remitida o xurado.

8. PREMIOS

Estes premios organízanse para incentivar as vocacións investigadoras e incentivar a creatividade e o enxeño entre os máis mozos/as é o mesmo tempo, para facer visible o papel das mulleres investigadoras ou pioneiras en calquera ámbito do coñecemento.

Os premios están patrocinados por empresas colaboradoras que destacan pola súa labor en I+D+i.

A inscrición dunha investigación aos premios implica a aceptación das bases da convocatoria en todas as súas acepcións. Excluirase calquera proxecto que non cumpra coas condicións indicadas nas normas.

8.1 Composición do xurado

O xurado estará conformado por representantes das institucións, organismos e entidades colaboradoras. Daranse a coñecer publicamente os seus integrantes a través da web do proxecto <http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/> e nas das redes sociais .

8.2 Criterios de valoración

O xurado valorará os traballos recibidos a partir dunha ficha de valoración preestablecida que estará á disposición dos/das participantes e do xurado na páxina web do proxecto <http://educacion.pontevedra.gal/pontenciencia/>. Tamén poderá solicitala no enderezo educacion@pontevedra.eu

Existe un modelo de ficha con campos específicos para cada tipoloxía de investigación, experimental (E) ou documental (D) ou tecnolóxica (T). A valoración realizarase en dúas fases:

1. Avaliación realizada co resumo remitido polos/as participantes: valorarase a investigación segundo o recollido no resumo (30 puntos).
2. Avaliación realizada durante a celebración da feira: valorarase a presentación no posto e a exposición do relator/a mediante a visita aos postos dos/das compoñentes do xurado (70 puntos).
3. En caso de empate, darase un punto extra aos traballos que acadaron maior puntuación en primeiro lugar na exposición do relator/a e en segundo lugar na presentación no posto.

Os traballos asignaranse aos membros do xurado mediante sorteo, o número de traballos que valorará cada persoa decidirase segundo o número de traballos participantes.

Unha vez realizada a valoración dos postos de xeito individual, o xurado reunirse e remitirá unha resolución cos traballos premiados e os puntos acadados.

8.3 Premios

Os catro traballos coas puntuacións máis altas recibirán un premio de 300 € cada un.